

# Celga



# 3

## PROBA B (ORAL)



**XUNTA DE GALICIA**

**PRESIDENCIA**

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Modelo: C3O/2008-2/B

## PARTE 1 (Transcripción do texto oral)

---

### TELEXORNAL

A continuación vai ver dúas veces seguidas varias noticias do Telexornal Mediodía. Tome as notas que considere oportunas para a proba oral.

Os furanchos non servirán comida quente nin viño embotellado. Son dúas das restricións que recolle para estes establecementos o decreto da Xunta que se aprobou hoxe. Os alimentos terán que cumprir unhas normas mínimas de etiquetaxe e procedencia. Os propietarios dos furanchos deberán declarar cada ano a produción de viño e solicitar autorización de abertura e clasificación turística.

Deixar de construír nas marxes dos ríos é fundamental para previr os efectos das enchentes. A Confederación Hidrográfica recoméndao e para isto subscribiu un convenio co concello de Allariz para comezar a aplicarlos nos municipios que son reserva da biosfera.

As ribeiras dos ríos son zonas cun elevado risco de inundación. Para evitalo, a recomendación da Confederación Hidrográfica é que se deixe de construír nesas zonas. No río Arnoia xa están traballando, van facer un corredor a ámbalas marxes do río que pasará á categoría de solo rústico. Non se poderán construír novas edificacións, aínda que se respectarán as existentes. En contrapartida, a Confederación Hidrográfica do Norte comprométese a conservar as canles. O corredor, no que se contempla tamén a restauración de enclaves naturais, terá unha superficie de catro mil hectáreas. Este protocolo é o primeiro dos catro que asinarán os concellos integrados na reserva da biosfera. Forman parte dela, xunto con Allariz, os municipios de Rairiz de Veiga, A Bola e Vilar dos Santos.

Hai dez anos que se aprobou unha moeda única para toda Europa, inda que os novos billetes non comezárona verse ata o 1 de xaneiro de 2002. Agora estamos afeitos á nova moeda, aínda que nos primeiros momentos houbo entre os galegos bastante nostalxia pola peseta. Xan Cacharro.

*- Pois sí, dez anos despois da entrada en vigor da moeda única, eh, a opinión é unánime, nove de cada dez persoas pensan que sufriu un incremento notable, o exemplo témolo, por exemplo, na cesta da compra, en moitos produtos, como o pan, que se incrementaron ata nun trinta por cento. Malia a todo, din os expertos que a suba dos prezos non se debe atribuír somentes á aparición desta moeda.*

Desde a entrada en circulación da moeda única europea, no ano 2002, os prezos subiron en España un vinte e cinco por cento. O balance dos consumidores non deixa lugar a dúbidas: nove de cada dez consideran que o euro tivo un efecto directo no encarecemento da vida.

*- O euro acaba con nós. Está todo moi caro."*

*- Con dezaseis euros antes estaba o fin de semana de, comendo por aí, indo o cine e tal. Tres mil pesetas, hoxe en día, vou facer a compra, compro un pouco de leite uns cereales e, e pista.*

*- O problema é que os soldos non suben con respecto ao que suben os prezos, pero todo esto eu creo que ten que ver un pouquiño coa economía global, e todo isto.*

Os expertos recoñecen o efecto alcista provocado pola práctica do redondeo, xeralizada nos primeiros meses da entrada en vigor do euro. Pero aseguran que non toda suba é achacable á nova moeda. Din que en épocas de crecemento económico é normal que se incrementen os prezos. Ademais, a revalorización do euro fronte ao dólar está a ter hoxe un efecto positivo nas economías domésticas.

*- Nestes dous últimos anos e no último ano o euro está actuando como un factor de contención*

frente aos aumentos espectaculares que están tendo moitas das mercancías que cotizan en dólares nos mercados internacionais.

Dez anos despois da adopción do euro, trescentos vinte millóns de cidadáns comparten en Europa a mesma moeda.

Dietas ou exercicio físico non serven para reducir o número de células graxas do corpo, nin sequera a liposucción, porque o corpo acaba volvendo a xeralas co tempo. A única posibilidade, din os expertos, é reducir o seu tamaño.

Perder peso é cada vez máis difícil. As dietas e o deporte son os recursos aos que acode a maioría da xente. O máis importante é manter uns hábitos alimenticios saudables e constantes. As operacións de estética son medios de adelgazamento que poden traer problemas. As células graxas do noso corpo mantéñense constantes durante toda a vida. Un estudo do Instituto Karolinska afirma que despois dun tempo, recupérase o índice de graxa perdido.

- *É mellor facer deporte e privarse un pouco.*

Malia a todo, o método máis eficaz é manter unha dieta equilibrada e facer deporte.

## **PARTE 2**

---

### **1. PREGUNTAS RELATIVAS Á VIDA PERSOAL (non avaliáveis)**

### **2. EXPOSICIÓN E PREGUNTAS SOBRE O VÍDEO**

Faga un resumo das novas que deron no telexornal:

- Que temas son tratados?
- Cal lle chamou máis a atención?
- Que valoracións se fan del?

### **3. EXPOSICIÓN**

Realice unha exposición (de 2-3 minutos) acerca da seguinte afirmación (o avaliador propón unha delas):

- OPCIÓN A: “Os alimentos que serven os furanchos deben cumprir algunhas normas de etiquetaxe e procedencia.”
- OPCIÓN B: “As edificacións nas ribeiras dos ríos favorecen as inundacións.”
- OPCIÓN C: “A dieta e o exercicio non alteran o número de células graxas.”
- OPCIÓN D: “Desde a entrada do euro os prezos subiron en España un 25 por cento.”

### **4. PREGUNTAS DE INTERACCIÓN**

#### **OPCIÓN A**

**“Os alimentos que serven os furanchos deben cumprir algunhas normas de etiquetaxe e procedencia.”**

- Non cre que o excesivo control administrativo está desnaturalizando produtos caseiros como o viño ou a augardente?
- Comercializar produtos sen controis administrativos non debería estar prohibido?
- Cre que os furanchos son competencia desleal dos bares e por iso deberían desaparecer?
- Foi algunha vez a un furancho ou a algún establecemento similar? Conte a súa experiencia. Se nunca foi, gustaríalle ir?

#### **OPCIÓN B**

**“As edificacións nas ribeiras dos ríos favorecen as inundacións.”**

- Non cre que a miúdo as actividades humanas van contra a natureza e iso termina tendo as súas consecuencias?
- Que actividades se lle ocorren para o aproveitamento dos ríos?
- Onde vive hai algún río? Fale un pouco sobre as súas vivencias relacionadas cos ríos.
- Como cre que podemos conxugar o urbanismo sostible coas necesidades habitacionais dos cidadáns?

**OPCIÓN C**

***“Desde a entrada do euro os prezos subiron en España un 25 por cento.”***

- Cre que houbo unha desatención das autoridades para frear a alza dos prezos? Cales pensa que foron os que máis e os que menos subiron?
- Como valora o cambio da peseta ao euro?
- En que produtos nota máis vostede a suba dos prezos?
- Cre que o incremento dos prezos é a consecuencia lóxica da suba do nivel de vida, ou unha cousa non ten que ver coa outra?

**OPCIÓN D**

***“A dieta e o exercicio non alteran o número de células graxas.”***

- Nesta nova afírmase que cada vez é máis difícil perder peso. A que pensa que é debido?
- Concorde coas persoas que afirman que as dietas son unha perda de tempo e que estragan o organismo? Por que?
- Considera que vostede leva unha dieta sa e equilibrada? Por que? Como podería mellorar os seus hábitos alimenticios?
- Hoxe en día, cos avances que hai, non considera que a cirurxía é unha das mellores alternativas para se atopar ben cun mesmo? Por que?